

# ARQUIVO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

**Manual de procedemento de arquivos  
ISDF**



1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. TÁBOA DOS ELEMENTOS DA ISDF.....	4
3. CADRO COS ELEMENTOS OBRIGATORIOS DA ISDF.....	6
4. ELEMENTOS PARA DESCRIBIR INSTITUCIÓNS. ISDF .....	7
5.1 ÁREA DE IDENTIFICACIÓN .....	7
5.2 ÁREA DE CONTEXTO.....	13
5.3 ÁREA DE RELACIÓNS .....	15
5.4 ÁREA DE CONTROL .....	19
5. VINCULACIÓN DAS FUNCIÓNS COAS INSTITUCIÓNS, OS DOCUMENTOS DE ARQUIVO E OUTROS RECURSOS .....	26
5.1 Identificador e forma(s) autorizada(s) do nome/título da entidade relacionada .....	27
5.2 Natureza da relación.....	27
5.3 Datas da relación.....	28
6. CADRO DE CORRELACIÓN DOS ELEMENTOS DA ISDF COS CAMPOS DESENVOLVIDOS EN ATOM .....	30

# 1. INTRODUCCIÓN

Imos desenvolver a norma **ISDF** (International Standard for Describing Functions), **Norma internacional para a descrición de funcións**. 1.<sup>a</sup> ed., elaborada polo Comité de Boas Prácticas e Normas Profesionais, Dresde, Alemaña, 2-4 de maio de 2007.

Esta norma serve de guía para elaborar descricións de funcións de institucións vinculadas coa produción e conservación de documentos.

Ao longo de toda esta norma utilízase o termo "función" para referirse non só á función, senón a calquera das divisións desta, coma subfunción, proceso, actividade, tarefa, acción ou outro termo de uso internacional, nacional ou local.

A norma pode utilizarse para describir unha función ou calquera das súas divisións.

A análise das funcións das institucións é importante como base para moitas actividades da xestión de documentos. Xeralmente reconécese que as funcións son máis estables que as estruturas administrativas, que frecuentemente se fusionan ou se transfíren cando se produce unha reestruturación. Xa que logo, as funcións serven apropiadamente:

- De base para a clasificación e descrición dos documentos
- De base para a valoración documental
- De ferramenta para a recuperación e análise dos documentos

A descrición de funcións xoga un papel fundamental na explicación da procedencia dos documentos. As descricións de funcións poden axudar a situar firmemente os documentos no seu contexto de produción e utilización. Poden axudar a explicar como e por que os documentos foron producidos e posteriormente utilizados, o obxectivo ou a función que estaban destinados a cumprir dentro da organización e como concordan e se relacionan con outros documentos producidos pola mesma organización.

Antes de comezar cos elementos da ISDF desenvolveremos tres táboas que axudarán a cubrir os campos da descrición de funcións de arquivo:

- Un cadro cos 23 elementos da descrición de función de arquivo segundo a ISDF
- Un cadro cos elementos obrigatorios para a descrición de funcións de arquivo segundo a ISDF

Ao final da descrición das ISDF incluírase:

- Un capítulo sobre como crear un vínculo entre as funcións coas institucións, os documentos de arquivo e outros recursos
- Un cadro de correlación dos elementos da ISDF cos campos desenvolvidos en AtoM

Este manual baséase nos seguintes documentos do directorio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que difunde normas técnicas arquivísticas e documentos profesionais:

- Norma ISDF: Norma internacional para a descrición de funcións. 1.<sup>a</sup> ed. Elaborada polo Comité de Boas Prácticas e Normas Profesionais, Dresde, Alemaña, 2-4 de maio de 2007  
[http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/dms/mecd/cultura-mecd/areascultura/archivos/recursos-profesionales/normasarchivisticas/ISDF\\_ESP\\_definitiva.pdf](http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/dms/mecd/cultura-mecd/areascultura/archivos/recursos-profesionales/normasarchivisticas/ISDF_ESP_definitiva.pdf)
- NOGADA: Norma galega de descrición arquivística. Grupo de Arquiveiros de Galicia, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, 2010  
[http://arquivosdeg Galicia.xunta.es/export/sites/default/arquivo-degalicia/resources/downloads/NOGADA\\_castellano.pdf](http://arquivosdeg Galicia.xunta.es/export/sites/default/arquivo-degalicia/resources/downloads/NOGADA_castellano.pdf)

## 2. TÁBOA DOS ELEMENTOS DA ISDF

Esta norma consta de 23 elementos estruturados en catro áreas de información.

Os campos obrigatorios para todos os niveis de descrición marcaranse cun asterisco en vermello (\*).

<b>4.1. ÁREA DE IDENTIFICACIÓN</b>	4.1.1. Tipo *
	4.1.2. Forma(s) autorizada(s) do nome *
	4.1.3. Forma(s) paralelas(s) do nome
	4.1.4. Outra(s) forma(s) do nome

	4.1.5. Clasificación
<b>4.2. ÁREA DE CONTEXTO</b>	4.2.1. Datas
	4.2.2. Descrición
	4.2.3. Historia
	4.2.4. Lexislación
<b>4.3. ÁREA DE RELACIÓNS</b>	4.3.1. Forma(s) autorizada(s) do nome/Identificador da función relacionada
	4.3.2. Tipo
	4.3.3. Categoría da relación
	4.3.4. Descrición da relación
	4.3.5. Datas da relación
<b>4.4. ÁREA DE CONTROL</b>	4.4.1. Identificador da descrición de función *
	4.4.2. Identificador(es) da(s) institución(s)
	4.4.3. Regras e/ou convencións utilizadas

	4.4.4. Estado de elaboración
	4.4.5. Nivel de detalle
	4.4.6. Datas de creación, revisión ou eliminación
	4.4.7. Lingua(s) e escritura(s)
	4.4.8. Fontes
	4.4.9. Notas de mantemento

### 3. CADRO COS ELEMENTOS OBRIGATORIOS DA ISDF

Todos os elementos para estas regras son útiles para elaborar descrições de funcións de institucións que conservan documentos de arquivo, pero os seguintes elementos considéranse obrigatorios:

4.1.1. Tipo
4.1.2. Formas(s) autorizada(s) do nome
4.4.1. Identificador da descripción de función

## 4. ELEMENTOS PARA DESCRIBIR INSTITUCIONES. ISDF

### 4.1 ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Área na que se inclúe a información que identifica univocamente a función e que define un punto de acceso normalizado.

#### 4.1.1. Tipo

##### 4.1.1.1 Obxectivo

Indicar se a descrición é dunha función ou dunha das súas divisións.

##### 4.1.1.2 Regra

Especificarse a descrición é dunha función ou dunha das súas divisións, de acordo coa terminoloxía nacional ou internacional.

Función:	
	Subfunción
	Proceso
	Actividade
	Tarefa
	Acción

### 4.1.1.3 Consignación

A consignación do elemento “Tipo” é obrigatoria (OB) para a Área de Identificación:

<b>4.1. ÁREA DE IDENTIFICACIÓN</b>		<b>DE</b>
4.1.1.	Tipo	OB

### 4.1.1.4 Exemplos

<b>4.1 ÁREA DE IDENTIFICACIÓN</b>	
4.1.1 Tipo	Subfunción
4.1.2 Forma(s) autorizada(s) do nome	Organización da investigación
<b>4.3 ÁREA DE RELACIÓNS</b>	
<b>Primeira relación</b>	
4.3.1 Forma(s) autorizada(s) do nome/Identificador da función relacionada	Xestión da investigación ES UPNA L100
4.3.2 Tipo	Función
4.3.3 Categoría da relación	Xerárquica
4.3.4 Descrición da relación	A xestión da investigación é a función principal da subfunción de organización da investigación



<b>Segunda relación</b>	
4.3.1 Forma(s) autorizada(s) do nome/Identificador da función relacionada	Elaboración do censo e do catálogo de grupos de investigación ES UPNA L102
4.3.2 Tipo	Actividade
4.3 Categoría da relación	Xerárquica
4.4 Descrición da relación	A elaboración do censo e do catálogo de grupos de investigación é unha actividade da subfunción de organización da investigación
<b>Terceira relación</b>	
4.3.1 Forma(s) autorizada(s) do nome/identificador da función relacionada	Xestión dos datos dos grupos de investigación en marcha ES UPNA L103
4.3.2 Tipo	Actividade
4.3.3 Categoría da relación	Xerárquica
4.3.4 Descrición da relación	A xestión dos datos relativos aos grupos de investigación en marcha é unha actividade da subfunción de organización da investigación

## 4.1.2 Forma(s) autorizada(s) do nome

### 4.1.2.1 Obxectivo

Establecer un punto de acceso normalizado que identifique de xeito unívoco a función.

### 4.1.2.2 Regra

Cubrir a(s) forma(s) normalizada(s) do nome da función. Utilizar o ámbito territorial ou administrativo da función, o nome da institución que a levou a cabo e outros cualificadores cando sexa necesario para distinguir esta función doutras funcións con nomes similares. Este elemento ten que utilizarse conxuntamente co elemento Identificador da descrición de función (ISDF 5.4.1).

### 4.1.2.3 Consignación

A consignación do elemento “Formas(s) autorizada(s) do nome” é obrigatoria (OB) para a Área de identificación:

4.1. ÁREA DE IDENTIFICACIÓN		DE
4.1.2.	Formas(s) autorizada(s) do nome	OB

### 4.1.2.4 Exemplo

Xestión da investigación (función)

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

## 4.1.3 Forma(s) paralela(s) do nome

### 4.1.3.1 Obxectivo

Indicar as distintas formas que adopta(n) a(s) forma(s) autorizada(s) do nome noutras linguas ou escrituras.

### 4.1.3.2 Regra

Cubrir a(s) forma(s) paralela(s) do nome de acordo coas convencións ou regras nacionais ou internacionais utilizadas pola institución que elabora a descrición, incluíndo, en caso necesario, os subelementos e/ou cualificadores requiridos por esas convencións ou regras. Especificar no elemento “Regras e/ou convencións utilizadas” (ISDF 5.4.3) as regras que se aplicaron.

### 4.1.3.3 Exemplo

Arxiu de la Corona d’Aragó

España. Subdirección Xeral dos Arquivos Estatais

Nota: para a institución Arquivo da Coroa de Aragón

## 4.1.4 Outra(s) forma(s) do nome

### 4.1.4.1 Obxectivo

Indicar calquera outro nome da función.

### 4.1.4.2 Regra

Cubrir calquera outro nome da función.

### 4.1.4.3 Exemplo

Enrolment

Matriculation

Descrición elaborada por: Reino Unido, Glasgow University Archive Services

Nota: para a actividade Student registration, Trinity College, Glasgow

## 4.1.5 Clasificación

### 4.1.5.1 Obxectivo

Clasificar a función de acordo cun cadro de clasificación.

### 4.1.5.2 Regra

Cubrir calquera termo e/ou código tomado dun cadro de clasificación de funcións. Consignar o cadro de clasificación utilizado no elemento “Regras e/ou convencións utilizadas” (ISDF 5.4.3).

### 4.1.5.3 Exemplo

L100

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

## 4.2 ÁREA DE CONTEXTO

Área na que se recolle información sobre a natureza e o contexto da función.

### 4.2.1 Datas

#### 4.2.1.1 Obxectivo

Identificar a data ou o intervalo de datas da función.

#### 4.2.1.2 Regra

Proporcionar unha data ou un intervalo de datas que inclúa aquelas en que a función comezou e finalizou. Se a función continúa desenvolvéndose non é necesario consignar a data final.

#### 4.2.1.3 Exemplo

1987 - ...

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

## 4.2.2 Descrición

### 4.2.2.1 Obxectivo

Proporcionar información sobre os obxectivos da función.

### 4.2.2.2 Regra

Cubrir unha descrición narrativa sobre os obxectivos da función.

### 4.2.2.3 Exemplo

A xestión da investigación cobre diferentes perspectivas:

- Promoción da formación de investigadoras e investigadores a través dunha serie de convocatorias de bolsas e axudas financiadas pola Universidade Pública de Navarra
  - Elaboración e xestión da convocatoria de dotación de equipamento científico dos grupos de investigación da Universidade Pública de Navarra. Así mesmo, recollida e xestión das solicitudes de participación en convocatorias externas co mesmo obxectivo
  - Elaboración das convocatorias de premios de investigación e xestión en orde á concesión destes
- Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: Para a función Xestión da investigación

## 4.2.3 Historia

### 4.2.3.1 Obxectivo

Proporcionar un resumo da historia da función.

### 4.2.3.2 Regra

Cubrir en forma narrativa ou como unha cronoloxía a historia da realización da función. Pódese incluír información sobre como e por que se desenvolveu a función, o papel que xogaron as e os titulares das oficinas, departamentos, organismos e outras entidades na realización da función e como cambiou ao longo do tempo. Cando sexa posible proporcionaranse datas como parte integrante da descrición.

### 4.2.3.3 Exemplo

A investigación na universidade española constitúe unha actividade relativamente recente, en contraste co modelo humboltiano que se estendeu por Europa e os Estados Unidos ao longo do século XIX. Neses países as universidades evolucionaron cara a unha combinación de docencia con investigación, e co tempo foron consolidando un modelo de organización colectiva en departamentos vertebrados sobre unha disciplina. En España, a execución directa da investigación iniciouse nos anos do franquismo a través de centros de investigación creados e dependentes dos diferentes ministerios, á vez que o modelo universitario español estaba firmemente asentado na docencia.

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

## 4.2.4 Lexislación

### 4.2.4.1 Obxectivo

Identificar a base legal da función.

### 4.2.4.2 Regra

Cubrir calquera lei, directriz ou estatuto de creación, modificación ou restrición da función.

### 4.2.4.3 Exemplo

Lei orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de reforma universitaria

Lei 13/1986, de 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

## 4.3 ÁREA DE RELACIÓNS

Área na que se consignan e describen as relacións con outras funcións.

### 4.3.1 Forma(s) autorizada(s) do nome/Identificador da función relacionada

#### 4.3.1.1 Obxectivo

Proporcionar a(s) forma(s) autorizada(s) do nome e calquera identificador único da función relacionada.

#### 4.3.1.2 Regra

Cubrir a(s) forma(s) autorizada(s) do nome e calquera identificador único da función relacionada.

### 4.3.1.3 Exemplo

Xestión da investigación

ES UPNA L100



## 4.3.2 Tipo

### 4.3.2.1 Obxectivo

Indicar se a relación se establece cunha función ou cunha das súas divisións.

### 4.3.2.2 Regra

Especificar se a relación se establece cunha función ou cunha das súas divisións, de acordo coa terminoloxía internacional ou nacional.

### 4.3.2.3 Exemplo

Función:	
	Subfunción
	Proceso
	Actividade
	Tarefa
	Acción

## 4.3.3 Categoría da relación

### 4.3.3.1 Obxectivo

Identificar a categoría xeral da relación entre a función descrita e a función relacionada.

### 4.3.3.2 Regra

Cubrir unha categoría xeral da relación. Utilizar categorías xerais prescritas polas regras e/ou convencións nacionais ou, na súa falta, unha das tres categorías seguintes:

- **Xerárquica** (por exemplo, función/actividade, actividade/función) unha relación xerárquica é unha relación entre unha función e calquera das súas divisións, tales coma subfuncións, procesos, actividades, tarefas ou accións.

- **Temporal** (predecesora/sucesora ou viceversa) unha relación temporal é aquela na que unha función sucede a outra. Á súa vez, a esta función pode sucedela outra.

- **Asociativa** unha relación asociativa é unha categoría xeral para relacións non contempladas nas categorías anteriores.

#### 4.3.3.3 Exemplo

Xerárquica ou temporal ou asociativa

### 4.3.4 Descrición da relación

#### 4.3.4.1 Obxectivo

Proporcionar unha descrición específica da natureza da relación.

#### 4.3.4.2 Regra

Cubrir unha descrición precisa da natureza da relación entre a función descrita e a función relacionada.

#### 4.3.4.3 Exemplo

A xestión da investigación é a función principal da subfunción de organización da investigación.

Nota: Xestión da investigación

ES UPNA L100

### 4.3.5 Datas da relación

#### 4.3.5.1 Obxectivo

Indicar as datas de duración da relación entre a función descrita e a función relacionada.

#### 4.3.5.2 Regra

Cubrir, cando sexa pertinente, a data inicial e/ou a data final da relación. Especificar no elemento Regras e/ou convencións utilizadas (ISDF 5.4.3) calquera sistema de datación utilizado, por exemplo ISO 8601 ou o Manual de procedemento interno [véxase 1.3. ISAD(G)], no que se especifican as normas para expresar datas atribuídas ou incertas.

#### 4.3.5.3 Exemplo

1987-

## 4.4 ÁREA DE CONTROL

Área na que se identifica de forma unívoca a descrición dunha función e se inclúe información sobre como, cando e por que se creou e actualizou a descrición e que institución o fixo.

## 4.4.1 Identificador da descrición de función

### 4.4.1.1 Obxectivo

Identificar de xeito unívoco a descrición da función dentro do contexto no que esta será utilizada.

### 4.4.1.2 Regra

Cubrir un identificador único da descrición de acordo coas convencións locais e/ou nacionais. Se a descrición se vai utilizar internacionalmente, consignar o código do país no que se elaborou a descrición de acordo coa última versión ISO 3166 Códigos para a representación de nomes de países. Cando o autor da descrición sexa un organismo internacional facilitarase o seu identificador de organización en lugar do código de país.

### 4.4.1.3 Consignación

A consignación do elemento Identificador da descrición de función é obrigatorio (OB) para este elemento da Área de control.

4.4. ÁREA DE CONTROL		
4.4.1.	Identificador da descrición de función	OB

#### 4.4.1.4 Exemplo

ES UPNA L100

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

### 4.4.2 Identificador(es) da(s) institución(s)

#### 4.4.2.1 Obxectivo

Identificar a(s) institución(s) e responsable(s) da descrición.

#### 4.4.2.2 Regra

Cubrir a(s) forma(s) autorizada(s) completa(s) do(s) nome(s) da(s) institución(s) responsable(s) da elaboración, modificación ou difusión da descrición ou, alternativamente, consignar un código de identificación recoñecido para esta(s) institución(s).

#### 5.4.2.3 Exemplo

FR/DAF

Direction des Archives de France

### 4.4.3 Regras e/ou convencións utilizadas

#### 4.4.3.1 Obxectivo

Identificar as regras e/ou convencións nacionais ou internacionais aplicadas na elaboración da descrición.

#### 4.4.3.2 Regra

Cubrir os nomes e, cando sexa útil, as datas de edición ou publicación das convencións e/ou regras aplicadas.

#### 4.4.3.3 Exemplo

ISDF – Norma internacional para a descrición de funcións, 1ª ed., Consello Internacional de Arquivos, 2008

ISO 8601 – Elementos de datos e formatos de intercambio–Intercambio de información–Representación de datas e horas, 3ª ed., Xenebra: Organización Internacional de Normalización, 2004

Cadro de clasificación de documentos da Universidade Pública de Navarra (sitio web do Arquivo Xeral da Universidade:

<http://www.unavarra.es/servicio/pdf/Codificacionclasificacion05.pdf>). (Consultado o 8 de xaneiro de 2008)

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

### 4.4.4 Estado de elaboración

#### 4.4.4.1 Obxectivo

Indicar o estado de elaboración da descrición, de tal forma que as e os usuarios poidan entender a situación actual da descrición.

#### 4.4.4.2 Regra

Cubrir a situación actual da descrición, indicando se é un borrador, se está finalizada, revisada ou eliminada.

#### 4.4.4.3 Exemplo

Finalizada

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

### 4.4.5 Nivel de detalle

#### 4.4.5.1 Obxectivo

Indicar se a descrición ten un nivel de detalle básico, parcial ou completo.

#### 4.4.5.2 Regra

Precisar se a descrición ten un nivel de detalle básico, parcial ou completo, de acordo coas regras e/ou directrices internacionais e/ou nacionais. En ausencia de regras e/ou directrices nacionais considerarase que as descricións básicas son aquelas que inclúen só os tres elementos esenciais dunha descrición conforme á ISDF (véxase o epígrafe ISDF 5.4.7), mentres que as descricións completas serán aquelas que inclúen información de todos os elementos pertinentes da ISDF.

#### 4.4.5.3 Exemplo

Completo

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

### 4.4.6 Datas de creación, revisión ou eliminación

#### 4.4.6.1 Obxectivo

Indicar cando se elaborou, revisou ou eliminou a descrición.

#### **4.4.6.2 Regra**

Cubrir a data na que se elaborou a descrición e as datas das diferentes revisións.

#### **4.4.6.3 Exemplo**

Data de creación: 2008-01-08

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

### **4.4.7 Lingua(s) e escritura(s)**

#### **4.4.7.1 Obxectivo**

Indicar a(s) lingua(s) e/ou escritura(s) utilizada(s) na descrición.

#### **4.4.7.2 Regra**

Cubrir a(s) lingua(s) e/ou escritura(s) da descrición.

#### **4.4.7.3 Exemplo**

Español en escritura latina

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

### **4.4.8 Fontes**

#### **4.4.8.1 Obxectivo**

Indicar as fontes consultadas para a elaboración da descrición.

#### **4.4.8.2 Regra**

Cubrir as fontes consultadas para a elaboración da descrición.



### 4.4.8.3 Exemplo

BRICALL, Josep. *Informe Universidad 2000*. Barcelona: España, marzo de 2000 (sitio web da Conferencia de Reitores de Universidades Españolas: <http://www.crue.org/informeuniv2000.htm>)

(consultado o 8 de xaneiro de 2008)

SANZ MENÉNDEZ, Luis. *La investigación en la universidad española: la financiación competitiva de la investigación, con especial referencia a las Ciencias Sociales y Económicas*, Madrid: Consello Superior de Investigacións Científicas, Unidade de Políticas Comparadas, Grupo de Investigación sobre Políticas de Innovación, Tecnoloxía, Formación e Educación SPRITTE, xullo de 2003 (sitio web do Centro Superior de Investigacións Científicas: <https://core.ac.uk/download/pdf/36013921.pdf>) (consultado o 8 de xaneiro de 2008)

*Manual de procedimientos administrativos*. Pamplona, Universidade Pública de Navarra, 2003 (sitio web do Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra:

[http://www.unavarra.é/servizo/arquivo\\_proadmon.htm](http://www.unavarra.é/servizo/arquivo_proadmon.htm)) (consultado o 8 de xaneiro de 2008)

Descrición elaborada por: España, Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra

Nota: para a función Xestión da investigación

## 4.4.9 Notas de mantemento

### 4.4.9.1 Obxectivo

Documentar a elaboración e os cambios realizados na descrición.

### 4.4.9.2 Regra

Cubrir as notas pertinentes sobre a elaboración e o mantemento da descrición.

### 4.4.9.3 Exemplo

Descrición elaborada por Joaquim Llansó Sanjuan (Arquivo Xeral da Universidade Pública de Navarra)

Nota: para a función Xestión da investigación

## 5. VINCULACIÓN DAS FUNCIÓNS COAS INSTITUCIÓNS, OS DOCUMENTOS DE ARQUIVO E OUTROS RECURSOS

Para que as descrições de funcións sexan útiles é necesario vinculalas con descrições de institucións e de documentos de arquivo. As descrições de funcións tamén poden vincularse con outros recursos de información. Cando se realizan enlaces é importante describir a natureza da relación entre a función e a entidade vinculada (institución, documentos de arquivo ou outro recurso de información).

Este capítulo serve de guía sobre como se poden crear estes vínculos no contexto dun sistema de descrición arquivística.

As descrições de funcións destínanse a complementar as descrições de documentos elaboradas de acordo coa NOGADA e os rexistros de autoridade creados de acordo coa ISAAR(CPF). O mantemento separado da información sobre as funcións con respecto das descrições dos documentos e dos rexistros de autoridade implica unha menor repetición de información e permite a construción de sistemas de descrición arquivística máis flexibles.

Os tres elementos que figuran a continuación sérvennos para crear un vínculo cunha descrición dunha institución, de documentos de arquivo ou de calquera outro recurso de información. Os tres elementos poden reutilizarse para crear calquera número de vínculos.

<b>6. VINCULACIÓN DAS FUNCIÓNS COAS INSTITUCIÓNS, OS DOCUMENTOS DE ARQUIVO E OUTROS RECURSOS</b>	6.1. Identificador e forma(s) autorizada(s) do nome/título da entidade relacionada
	6.2. Natureza da relación
	6.3. Datas da relación

Ao final achéganse exemplos dos tres elementos.

## **5.1 Identificador e forma(s) autorizada(s) do nome/título da entidade relacionada**

### **5.1.1 Obxectivo**

Identificar de xeito unívoco a entidade relacionada (institución, documentos de arquivo ou outro recurso de información) e permitir a vinculación da descrición de función coa descrición da entidade relacionada.

### **5.1.2 Regra**

Cubrir o identificador único/código de referencia e a(s) forma(s) autorizada(s) do nome/título da entidade relacionada.

## **5.2 Natureza da relación**

### **5.2.1 Obxectivo**

Identificar a natureza da relación entre a función e a entidade relacionada.

### 5.2.2 Regra

No caso de relacións con institucións, cubrir información relativa ao xeito no que a institución realiza a función, por exemplo, completamente, parcialmente, conforme á lexislación, conforme ao mandato.

## 5.3 Datas da relación

### 5.3.1 Obxectivo

Indicar as datas de duración da relación entre a función e a entidade relacionada.

### 5.3.2 Regra

Cubrir, cando sexa pertinente, a data inicial e a data final da relación.

Exemplos dos tres elementos:

Primeira relación		
<b>5.1 Identificador e forma(s) autorizada(s) do nome/título da entidade relacionada</b>	Forma(s) autorizada(s) do nome	Universidade Pública de Navarra
	Identificador	ES UPNA 00.00
<b>5.2 Natureza da relación</b>		Institución que desenvolve a función
<b>5.3. Datas da relación</b>		1987-
Segunda relación		

<b>5.1 Identificador e forma(s) autorizada(s) do nome/título da entidade relacionada</b>	Forma(s) autorizada(s) do nome	Universidade Pública de Navarra. Vicerreitorado de Investigación
	Identificador	ES UPNA 30.00
<b>5.2 Natureza da relación</b>		Órgano da Universidade Pública de Navarra implicado no desenvolvemento da función
<b>5.3. Datas da relación</b>		1987-
<b>Terceira relación</b>		
<b>5.1 Identificador e forma(s) autorizada(s) do nome/título da entidade relacionada</b>	Forma(s) autorizada(s) do nome	Universidade Pública de Navarra. Servizo de Investigación
	Identificador	ES UPNA 11.06
<b>5.2 Natureza da relación</b>		Unidade da Universidade Pública de Navarra implicada no desenvolvemento da función
<b>5.3. Datas da relación</b>		1987-

## 6. CADRO DE CORRELACIÓN DOS ELEMENTOS DA ISDF COS CAMPOS DESENVOLVIDOS EN ATOM

Neste capítulo desenvolvemos un esquema das relacións dos elementos da ISDF e os campos que se desenvolven en AtoM.

Os campos obrigatorios para todos os niveis de descrición marcaranse cun asterisco en vermello (\*).

Área	Información	Elementos de descrición ISDF	Elementos de descrición AtoM
<b>5.1. Área de identificación</b>	Área na que se inclúe a información que identifica unívocamente a función e que define un punto de acceso normalizado	5.1.1. Tipo *	Tipo * Menú despregable Taxonomías
		5.1.2. Forma(s) autorizada(s) do nome *	Forma(s) autorizada(s) do nome * Menú selección de texto
		5.1.3. Forma(s) paralela(s) do nome	Forma(s) paralela(s) do nome Menú selección de texto

		5.1.4. Outra(s) forma(s) do nome	Outra(s) forma(s) do nome Menú selección de texto
		5.1.5. Clasificación	Clasificación Menú selección de texto

Área	Información	Elementos de descripción ISDF	Elementos de descripción AtoM
<b>5.2. Área de contexto</b>	Área na que se recolle información sobre a natureza e o contexto da función	5.2.1. Datas	Datas
		5.2.2. Descrición	Descrición
		5.2.3. Historia	Historia
		5.2.4. Lexislación	Lexislación

Área	Información	Elementos de descripción ISDF	Elementos de descripción AtoM
<b>5.3. Área de relacións</b>	Área na que se consignan e describen as relacións con outras funcións	5.3.1. Forma(s) autorizada(s) do nome / Identificador da función relacionada	Área de relación: Funcións relacionadas/Add new: Forma(s)

			autorizada(s) do nome
		5.3.2. Tipo	Contexto cultural e xeográfico
		5.3.3. Categoría da relación	Categoría Menú despregable Taxonomías
		5.3.4. Descrición da relación	Descrición
		5.3.5. Data da relación	Data
			Inicio
			Fin

Área	Información	Elementos de descrición ISDF	Elementos de descrición AtoM
	Área na que se identifica de forma unívoca a descrición dunha función e se inclúe información sobre como, cando e por que se creou e	5.4.1. Identificador da descrición de función *	Identificador da descrición de función *
		5.4.2. Identificador(es) da institución(s)	Identificador(es) da(s) institución(s)



<b>5.4. Área de control</b>	actualizou a	5.4.3. Regras e/ou convencións	Regras e/ou convencións
	descrición e que		
	institución o fixo	5.4.4. Estado de elaboración	Estado de elaboración
		5.4.5. Nivel de detalle	Nivel de detalle Menú despregable
		5.4.6. Datas de creación, revisión ou eliminación	Datas de creación, revisión ou eliminación
		5.4.7. Lingua(s) e escritura(s)	Idioma do material Menú de selección do idioma
			Escritura do material Menú de selección do idioma
	5.4.8. Fontes	Fontes	
	5.4.9. Notas de mantemento	Notas de mantemento	